



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O CENTRO GALEGO DE BARCELONA PARA REHABILITACIÓN DE ESPAZOS E POSTA EN FUNCIONAMENTO DUN PUNTO INFORMATIVO.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Fundación Catedral de Santiago o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases reguladoras da concesión directa dunha subvención por parte da Axencia Turismo de Galicia ao Centro Galego de Barcelona para financiar os custos das obras de rehabilitación de espazos na súa sede no piso do Conde Güell en Barcelona e para a posta en marcha dun punto informativo de Galicia no mesmo.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, segundo se establece no artigo 1 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivo impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade e a conservación e promoción dos camiños de Santiago, e no exercicio das súas funcións, lle corresponde executar as medidas definidas para a promoción e fomento do sector turístico de Galicia, levar a cabo plans e programas de





acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos.

Segundo.- O Centro Galego de Barcelona é unha asociación de carácter sociocultural sen ánimo de lucro, declarada de utilidade pública, que agrupa todas as persoas de Galicia que se atopen en Cataluña, así como todas aquelas persoas que compartan os fins.

Esta asociación fundouse o 7 de abril de 1892, denominándose posteriormente casa de Galicia de Barcelona o 11 de xaneiro de 1931, e recuperou o nome de Centro Galego de Barcelona o ano 1941, e o seu obxectivo é fomentar o coñecemento de Galicia, da súa historia, xente, cultura, lingua, gastronomía e turismo, para o que manterá lazos culturais con esta terra.

Cuarto.- A sede deste centro atópase no piso do Conde Güell, un edificio emblemático localizado en pleno paseo das Ramblas, na zona de maior densidade de turistas de Barcelona e a escasos metros do Camiño de Santiago, sendo lugar de referencia de Cataluña para as persoas interesadas en coñecer Galicia e recibir información sobre o camiño de Santiago, e incrementándose de ano en ano o número de persoas que o visitan co obxecto de solicitar documentación turística sobre Galicia. Ademais realiza numerosas actividades dedicadas a dar a coñecer e achegar a cultura galega aos residentes en Barcelona.

Que a través deste convenio, outórgase ao Centro Galego de Barcelona unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.





XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA
Axencia Turismo de Galicia



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

